

Publicacións do Consello da Cultura Galega. — Xosé Manuel GONZÁLEZ REBOREDO / Luis COSTA VÁZQUEZ-MARIÑO / Clodio GONZÁLEZ PÉREZ, *Nos lindeiros da galeguidade. Estudio antropolóxico do val de Fornela (etnohistoria, etnomusicoloxía, etnografía)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Sección de Antropoloxía Cultural 2002, 694 p.

O val de Fornela, situado en terras do occidente de León, a carón de Galicia e de Asturias, é un lugar de encontro entre as formas culturais propias do oriente galaico e outras que se poden considerar plenamente leonesas. De aí que a Sección de Antropoloxía do CCC considera-se que esta zona era un lugar axeitado para realizar un novo estudo monográfico dentro do proxecto Lindeiros da Galeguidade.

No capítulo de González Pérez «Aspectos lingüísticos e tecnolóxicos do val de Fornela» (p. 435-694) o apartado II («Notas lexicográficas: as falas fornelas», p. 439-488) é de grande interese para o lingüista, pois nel estúdase o *fornelo*, particularmente o seu vocabulario, e tamén o *burón*, xerga gremial dos vendedores ambulantes de Fornela.

— AFONSO X O SABIO, *Cantigas de Santa María. Códice toledano*. Edición ao coidado de Henrique Monteagudo. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2003. Edición facsímile da Biblioteca Nacional de Madrid, Ms. 10.069.

Para conmemorar o XX aniversario da súa creación, o Consello da Cultura Galega editou este códice que o Padre Sarmiento descubrira na catedral de Toledo, o único códice das *Cantigas de Santa María* que aínda non se dera ó prelo. O cancionero mariano de Afonso X representa un dos cumes absolutos da literatura en lingua galega e un dos monumentos máis representativos da arte europea coetánea.

— FRANCISCO FERNÁNDEZ REI / Carme HERMIDA GULÍAS (eds.), *A nosa fala. Bloques e áreas lingüísticas do galego*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Arquivo Sonoro de Galicia, 2003².

En 1996 o CCC, en colaboración co ILG, preparou un audio-libro de textos orais, coa correspondente transcripción, de todo o dominio lingüístico galego. Eran 15 textos do galego do bloque occidental e 90' de gravación, 19 textos do galego do bloque central nunha case-te de 60' e 9 textos do galego bloque oriental en 30'. Agora reeditáanse os textos tal cal en papel impreso, pero coa novidade de que o material oral non aparece en casetes, senón dixitalizado en tres CDs, o que favorece a perdurabilidade das gravacións e a busca dos propios textos.

— Henrique MONTEAGUDO e Xan M. BOUZADA FERNÁNDEZ (coords.): *O proceso de normalización do idioma galego 1980-2000*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2002.

Este proxecto, que realiza a Sección de Lingua do CCC, é unha análise cualitativa e global das políticas lingüísticas autonómicas e o seu impacto no prestixio, coñecemento e uso da lingua, polo que constitúe un instrumento de información, de avaliación e de reflexión sobre a evolución da situación social do galego nos últimos anos, e sobre as posibilidades de mellorar o status da lingua no futuro inmediato.

O vol. I *Política lingüística: análise e perspectivas* (2002, 289 p.) redactouno Cidadanía-Rede de Aplicacións Sociais. Nel trata de determinarse as posicións glotopolíticas fundamentais orientadoras dos principios, disposicións e actuacións en materiaa de lingua da Administración galega, así como a posición dos axentes políticos, sociais e cívicos fronte ó proceso de normalización.

O vol. II *Educación* (2002, 387 p.) redactárono Xan Bouzada, Agustín Fernández Paz e Anxo M. Lorenzo Suárez. Nel lévase a cabo un diagnóstico do proceso de normalización do galego no ensino infantil e primario a través da análise da situación da docencia do galego e en galego, das actuacións da planificación lingüística, do nivel de intensidade na galeguización das actividades internas e externas, das opinións sobre a presenza do galego nas transmisións educativas e sobre os puntos fortes e febles que se perciben na consolidación actual do galego no ámbito escolar.

O vol. III *Elaboración e difusión da lingua* (2003, 492 p.) céntrase na análise da elaboración e da difusión da lingua no período 1980-2000. Por unha parte analízase como se afrontaron os necesarios procesos de adaptación do corpus da lingua, esixidos polas novas funcións que esta tivo que asumir: estandarización (Henrique Monteagudo), fixación fonética e morfosintáctica (Rosario Álvarez Blanco), léxica (Ernesto González Seoane), creación terminolóxica e diversificación estilística (Iolanda Galanes Santos); por outra parte, aténdese ás condicións e ferramentas de adquisición do galego con especial atención ó ensino non regrado (Bieito Silva Valdivia, Xabier Mouriño Cagide e Rosario Pérez Magdalena). E complétase o volume cun apartado sobre o cultivo e difusión do galego estremeiro neste mesmo período (Francisco Fernández Rei). [F. F.-R.]